



BOP

XOVES, 25 DE MAIO DE 2023

N.º 118

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

PALAS DE REI

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIONES E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2023-0262, ditada o 9 de maio de 2023, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 1º Trimestre do 2023, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 31 de maio. O pagamento farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iníciase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 12 de maio do 2023.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1566

PORTOMARÍN

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón AUGA - LIXO XANEIRO - MARZO/2023.
- Taxa Padrón CANON XUNTA DE GALICIA XANEIRO - MARZO /2023.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 05/05/2023 ata o 05/07/2023.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Advírtese que a falta de pago do Canon de Auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Portomarín, 26 de abril de 2023.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 1567

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón AUGA – LIXO OUTUBRO - DECEMBRO/2020.
- Taxa Padrón CANON XUNTA DE GALICIA OUTUBRO - DECEMBRO/2020.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 27/01/2021 ata o 27/03/2021.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Advírtese que a falta de pago do Canon de Auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Portomarín, 20 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1568

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón AUGA – LIXO XANEIRO - MARZO/2019.
- Taxa Padrón CANON XUNTA DE GALICIA XANEIRO – MARZO /2019.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 30/04/2019 ata o 30/06/2019.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Advírtese que a falta de pago do Canon de Auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Portomarín, 20 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1569

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón AUGA – LIXO ABRIL - XUÑO/2019.
- Taxa Padrón CANON XUNTA DE GALICIA ABRIL – XUÑO /2019.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 26/08/2019 ata o 26/10/2019.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Advírtese que a falta de pago do Canon de Auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Portomarín, 16 de agosto de 2019.- O Tte Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 1570

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión celebrada o día 2 de maio de 2023, procedeu a resolver as alegacións ou alegacións presentadas polos interesados á aprobación provisional da Ordenanza Fiscal T3, publicada no BOP o 27 de febreiro de 2023, acordando definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal.

a) O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

b) Ordenanza Fiscal T3, TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO CONSISTENTE NA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE DO CONCELLO DE RIBADEO.

Artigo 3º. Cota tributaria.

Tarifa primeira.

a) Entrada de vehículos en cocheiras particulares, con prohibición de aparcamento, ata dúas prazas: 60,00 euros.

b) Entrada de vehículos en cocheiras particulares, con prohibición de aparcamento cando excede de dúas prazas: 120,00 euros e por cada praza máis: 10,00 euros por praza.

Tarifa segunda.

Entrada a garaxes e locais, de aluguer ou mediante prezo, con ou sen modificación de rasante, 140,00 euros e por cada praza máis 30,00 euros por praza.

Tarifa terceira.

Entrada a locais para venda, exposición ou reparación de vehículos, lavado ou engrase con ou sen modificación de rasante, 140,00 euros.

Tarifa cuarta.

Entrada a locais comerciais ou industriais, para carga ou descarga de mercancías, con ou sen modificación de rasante, 130,00 euros.

Tarifa quinta.

Reserva de espazos en vías e terreos de uso público para carga e descarga de mercancías, materiais varios, etc. 30,00 euros metro lineal, fíxándose o ancho polos servizos técnicos municipais en proporción ó que teña a rúa

e cun horario máximo de dúas horas diarias. Cando se trate de reserva temporal por mudanzas, etc. previa petición ó Concello, 6,00€/hora.

Tarifa sexta. Reserva de espazos ou prohibición de estacionamento:

1. Uso exclusivo para hoteis, restaurantes ou outras entidades ou particulares 30,00 euros por metro lineal ó mes.
2. Uso exclusivo de centros, unidades asistenciais e establecementos sanitarios 10,00 euros por metro lineal ó mes.
3. Paradas de liñas de servizos regulares interurbanos de transportes colectivos de viaxeiros (reserva de espazo público para principio ou final), servizos discretivos de excursións, axencias de turismo, etc. 70,00 euros por metro lineal ó mes.
4. Parada de taxis, na Praza de España, cunha ocupación de 26 mts. lineais, 30,00 euros por metro lineal ó ano.

Artigo 4º. Normas de xestión.

1. A taxa regulada por esta Ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación nos supostos de primeira utilización ou aproveitamento polo que ó tempo da presentación da solicitude de licenza ou autorización do aproveitamento deberá acreditar ter ingresado na Tesourería Municipal o importe autoliquidado da utilización privativa ou o aproveitamento especial que se solicita.

A autoliquidación aboada non causará dereito algún e non faculta para a utilización ou aproveitamento que constitue o feito imponible desta taxa, que só poderán levarse a cabo cando se obteña a licenza.

2. Na resolución da solicitude de concesión da licenza elevarase a definitiva a autoliquidación aboada por contía menor, igual ou superior a autoliquidada.
 - a) No caso de que a liquidación definitiva da taxa sexa de menor contía á autoliquidada, ou no caso de resolución desestimatoria da solicitude, na mesma resolución acordará a devolución polo importe indebidamente ingresado.
 - b) No caso de que a liquidación definitiva sexa superior farase efectivo o exceso dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei Xeral Tributaria para as debidas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración.
3. Unha vez concedido o primeiro aproveitamento ou utilización da taxa xestionarase a través do padrón que pola Administración de Rentas se formará con inclusión de tódolos autorizados que non causasen baixa con anterioridade ó 1º de Xaneiro de cada exercicio.
4. Constitúense como obrigas tributarias formais para o suxeito pasivo as seguintes:
 - a) A retirada da Recadación Municipal da placa identificativa da autorización do aproveitamento ou autorización concedida, previo pago, en concepto de depósito, da cantidade de 14,00 euros, que será devolta no momento da devolución da placa en perfecto estado de conservación con ocasión da baixa. A non devolución ou devolución con desperfectos suporá a retención do depósito.
 - b) A conservación da placa identificativa da autorización, que seguirá sendo de titularidade municipal, e que deberá entregarse á baixa do aproveitamento na oficina de Recadación.
 - c) A declaración de baixa do aproveitamento ou utilización. Copia de tal baixa, debidamente dilixenciada acompañarase, no seu caso, á solicitude de devolución de ingresos indebidos por prorrateo de cotas nos termos establecidos no artigo 5º seguinte. Tal devolución non se acordará sen a aportación do xustificante do cumprimento da obriga tributaria formal referida na letra b) anterior. O impago de dúas cuotas anuais no período voluntario determinará a baixa de oficio no padrón e no disfrute da reserva correspondente, sen perxuízo do seguemento para o cobro en vía executiva das cantidades pendentes de ingresar, nacendo a obriga de restitución da placa identificativa nas mesmas condicións que a baixa voluntaria.
5. Normas de xestión para os suxeitos comprendidos no art. 3, tarifa sexta, punto 2: **Centros, unidades asistenciais e establecementos sanitarios privados.**

Obxecto: habilitar ante os centros, unidades asistenciais e establecementos sanitarios **privados**, espazos que faciliten:

a parada e o estacionamento polo tempo indispensable que dure o servizo (ou no caso de ambulancias mentres se encontra á espera do servizo), de vehículos do propio centro ou alleos ao mesmo, destinados a proporcionar o desprazamento e traslado de pacientes, enfermos e persoas que reciben asistencia en eles.

Considéranse incluídos na categoría de centros, servizos e establecementos sanitarios, os establecementos **privados** que a continuación se relacionan:

Centros sanitarios nos que se prestan servizos de asistencia sanitaria, de promoción da saúde, prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación por profesionais sanitarios a pacientes que non precisan de ingreso. Servizos sanitarios integrados nunha organización non sanitaria: residencia de terceira idade. Farmacias.

Ópticas. Ortopedias. Establecementos de audioprótesis. Conforme ao anexo I do Real Decreto 1277/2003, de 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servicios y establecementos sanitarios.

Base de operacións para a actividade de transporte sanitario de ambulancias.

Centros ou clínicas veterinarias.

Solicitud:

Os centros sanitarios ou asistenciais a quen se lle otorgue a pertinente autorización de establecemento serán os beneficiarios das reservas de estacionamento. Para a tramitación das autorizacións de establecemento de estas reservas, o solicitante deberá presentar, a seguinte documentación:

- a) Solicitud en modelo oficial debidamente cumprimentado, na que se especificará a localización con indicación da rúa e número, dimensión expresada en metros lineais e horario da reserva.
- b) Solicitud de exención do uso da tarxeta, por estacionamento dos clientes por tempo inferior a 10 minutos (no seu caso).
- c) Plano de situación onde se indique o emprazamento exacto.
- d) Acreditación do pago das taxas que corresponda aboar.
- e) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que coñece as condicións de uso de estas reservas, especialmente a obriga de utilizala exclusivamente para parada e o estacionamento polo tempo indispensable que dure o servicio (ou no caso de ambulancias mentres se encontra á espera do servicio), de vehículos do propio centro ou alleos ao mesmo, destinados a proporcionar o desprazamento e traslado de pacientes, enfermos e persoas que reciben asistencia en eles.

Unha vez se autorice o establecemento da reserva, o beneficiario deberá presentar a solicitud da tarxeta de estacionamento (no seu caso) e a solicitud para que os servicios municipais marquen a zona autorizada.

A tarxeta de estacionamento expedirase a favor do titular da autorización do establecemento da reserva. As reservas de estacionamento só poderán ser utilizadas polos vehículos que contén coa correspondente tarxeta de estacionamento, que deberá ser colocada no interior do vehículo, de forma totalmente visible. Quedan exceptuados do uso da tarxeta, os solicitantes que se lles conceda o estacionamento dos clientes por tempo máximo de 10 minutos.

Na autorización do establecemento da reserva, especificarase polos servizos municipais os requerimentos para a sinalización necesaria, **que correrá por conta do beneficiario**, coa supervisión dos servicios municipais.

Uso:

No establecemento das reservas de estacionamento para centros sanitarios ou asistenciais, deberá de terse en conta, ademais das disposicións xerais establecidas en esta ordenanza, aquelas outras de natureza técnica que se recollen a continuación:

- a) Habilitaranse o mais preto posible á fachada do inmovible onde se ubique, e en todo caso, **nas zonas de estacionamento permitido**, preferentemente en línea.
- b) O espazo reservado para cada centro non poderá exceder do equivalente a unha praza, salvo autorización expresa, previa petición debidamente xustificada.
- c) Con carácter xeral, a utilización de estas reservas só poderá autorizarse durante os días e no horario de funcionamento do centro ao que está vinculada (gardas de farmacia incluídas), salvo autorización expresa, previa petición debidamente xustificada.
- d) Expedirase **unha** tarxeta de estacionamento a favor do titular da autorización, que, deberá ser colocada no interior do vehículo, de forma totalmente visible. As reservas de estacionamento só poderán ser utilizadas polos vehículos que contén coa correspondente tarxeta de estacionamento, non podendo facerse uso da reserva por vehículos que non contén con este documento. Os beneficiarios serán os responsables do correcto uso da reserva, así como que os usuarios dispoñan da tarxeta e que non se extravíe.

Exclúense da obriga da sinalización con tarxeta, aos beneficiarios que o soliciten, cando a duración do servicio sexa inferior a 10 minutos. Neste caso, só poderán ter dereito ao estacionamento os clientes por un prazo máximo de 10 minutos, de forma que se asegure a rotación dos estacionamentos.

e) Na resolución de autorización da reserva, indícarase polos servicios municipais, as instrucións necesarias para a sinalización correcta. Esta sinalización **correrá por conta do beneficiario**, sempre respectando as instrucións indicadas, e constará polo menos da sinalización horizontal cun recadro pintado na calzada de cor branca das dimensións da praza, e da sinalización vertical de parada e estacionamento prohibido (R307), incluíndo un panel complementario coa seguinte inscrición:

USO EXCLUSIVO CLIENTES (OU SERVICIO DE AMBULANCIA) CON TARXETA e o HORARIO DA RESERVA.

No caso que os beneficiarios solicitasen a exclusión do uso da tarxeta a sinalización vertical de parada e estacionamento prohibido (R307), incluírá un panel complementario coa seguinte inscrición:

USO EXCLUSIVO CLIENTES EN HORARIO DE APERTURA OU GUARDIA. TEMPO MAX. 10 MIN.

En ningún caso poderá utilizarse a reserva por vehículos privados do persoal ao servizo destas entidades.

No caso de baixa, é obriga do beneficiario a reposición da situación física ao momento previo ao recoñecemento do exercicio do dereito.

A presente modificación desta Ordenanza reguladora, conforme ao disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e comezará a aplicarse unha vez transcorrido o prazo de quince días a que fai referencia o artigo 65. 2 da mesma Lei..

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra este, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 5 de maio de 2023.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 1571

SAMOS

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía de data 18.05.2023, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a ABRIL/2023, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 18 de maio de 2023.- ALCALDE PRESIDENTE, D. Julio Gallego Moure.

R. 1572

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **primeiro trimestre de 2023**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00

horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de Xullo de 2023, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, 20 de abril de 2023.- SR. ALCALDE, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 1573

TRABADA

Anuncio

Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a provisión de dunha praza de "LIMPIADOR" no Concello de Trabada a través do sistema de concurso - oposición en réxime de persoal laboral fixo.

Por Resolución de Alcaldía número 2023/0201 de data 22 de maio de 2023, apróbase a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a provisión dunha praza de "LIMPIADOR", e que di literalmente o seguinte,

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

Expirado en data 27 de marzo de 2023, o prazo de presentación de solicitudes de admisión para participar no proceso de selección e contratación para cubrir unha praza de "LIMPADOR", a xornada completa do Concello de Trabada a través do sistema de concurso- oposición en réxime de persoal laboral fixo incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Visto o informe asinado en data 5 de abril polo secretario- interventor do Concello de Trabada en orde a determinar o listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, unha vez revisadas todas as solicitudes de participación que foron presentadas;

Publicada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos no BOP de Lugo número 101 de data 4 de maio de 2023, así como na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>) e no Taboleiro de Anuncios- Edictos da Corporación sito na Casa Consistorial sen que se houbera presentado alegación ou reclamación no prazo de 10 días hábiles;

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas en Resolución de Alcaldía nº 505/2022 de data 9 de decembro de 2022 e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

1.- ASPIRANTES ADMITIDOS:

	NOMBRE Y APELLIDOS	DNI	CELGA
1	RAQUEL ALONSO ALONSO	XXX0915X-X	SI
2	MARIA DOLORES FERNANDEZ BARRERA	XXX9502X-X	SI
3	MARIA ANTONIA DÍAZ MONTEAGUDO	XXX9241X-X	SI

2.- ASPIRANTES EXCLUIDOS:

	NOMBRE Y APELLIDOS	DNI	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
1	VERONICA GASALLA LASTRA	XXX9970X-X	3;

POSIBLES CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- 1) Non aporta instancia de solicitude segundo o modelo, ou a aporta sen asinar
- 2) Non aporta copia auténtica ou compulsada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- 3) Non aporta copia auténtica da titulación esixida ou de titulación superior.
- 4) Non aporta Carnet de Conducir B.

SEGUNDO.- Publicar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ós efectos oportunos. Asimesmo tamén se publicará no Taboeiro de Edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>).

TERCEIRO.- Designar como membros do Tribunal de selección e cualificación ás seguintes persoas:

PRESIDENTE.-

Titular: Don Xesus Arrizado Yáñez, Técnico asesor de RRHH, adxunto xefe do servizo de RRHH e asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no servizo de Recursos Humanos e asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Don Julian Mayor Couceiro, xefe da Unidade de Mantemento e Conservación na Sección de Mantemento da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Miguel Traseira González, responsable Portería e Vixilancia e Seguridade de Edificios descentralizados da Unidade de Portería e vixilancia da Deputación de Lugo.

Titular: Dona María Ángeles Santos Santos, Auxiliar Encargada Información e Atención cidadá no Servizo de Recadación da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Carmen Rodríguez Iglesias, auxiliar no negociado de Tramitación Administrativa da Granxa Provincial da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana Belen Mera Arias, Técnica Superior de Edificacións e Obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Marta Herbón Mellán, Enxeñeira Técnica de obra no servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

SECRETARIO.-

Titular: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria- interventora no servizo de asistencia xurídica, técnica e económica aos concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

COLABORADORA: Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos no servizo de RRHH na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Aos efectos previstos no Real Decreto 462/2002 , de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, O Concello de Trabada farase cargo dos custos de indemnización por desprazamento a razón de 0,19 euros/Km., así como das contías por asistencia a tribunais de selección de persoal de conformidade co Anexo IV, categoría terceira.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade coa normativa vixente.

CUARTO.- O Tribunal de selección e cualificación se constituirá o venres día 26 de maio de 2023 ás 09:30 horas no Salón Verde da Deputación de Lugo.

A realización da proba práctica terá lugar o xoves día 8 de xuño de 2023 ás 10:00 horas na Casa da Cultura do Concello de Trabada.

A valoración do concurso por parte do Tribunal terá lugar o xoves, día 8 de xuño de 2023 a continuación da finalización da proba practica na Casa Consistorial do Concello de Trabada.

QUINTO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

Trabada, 23 de maio de 2023.- Sra. Alcaldesa, Mayra García Bermúdez. Ante o Sr. Secretario

R. 1597

XOVE

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos número 2/2023

Tendo sido aprobado polo Pleno deste Concello o Expediente de Modificación de Créditos nº 2/2023 de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por acordo adoptado en sesión celebrada o 17 de abril de 2.023, non tendo sido presentada ningunha reclamación ao mesmo, dando cumprimento ao que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito expediente ascende a CATROCENTOS TRINTA MIL SEISCENTOS EUROS (430.600,00 €) quedando o Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento Xeral para 2.023 como de seguido se reflicte:

ESTADO DE GASTOS

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	3.449.457,03
2	Gastos en bens correntes e servicios	3.264.222,27
3	Gastos financeiros	3.000,00
4	Transferencias correntes	523.100,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	2.603.086,19
	TOTAL GASTOS	<u>9.842.865,49</u>

ESTADO DE INGRESOS

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	3.924.000,00
2	Impostos indirectos	1.400.000,00
3	Taxas e outros ingresos	588.104,20

4	Transferencias correntes	1.617.187,83
5	Ingresos patrimoniais	32.680,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	362.539,51
8	Activos financeiros	1.928.353,95
	TOTAL INGRESOS	<u>9.842.865,49</u>

Segundo dispón o artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Texto Refundido, contra este Expediente poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Xove, 18 de setembro de 2023.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa

R. 1574

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

A/27/24057

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: A/27/24057

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Asociación Veciños de Naraxa

Nombre del río o corriente: Fonte das Lameiriñas

Caudal solicitado: 0,04583 l/seg.

Punto de emplazamiento: Naraxa (Vilabol de Suarna)

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada(Lugo)

Destino: Abastecimiento a Naraxa

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Captación y conducción a arqueta de reparto desde la que se distribuirá el agua a 10 depósitos, uno para cada vivienda.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 12 de mayo de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN, Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez

R. 1533